

## **BASES**

**1º-** O orixinal deberá axustarse necesariamente a unha mancha de 60x44 cm. (formato vertical). Cada autor poderá participar co número de traballos que desexe, sempre que estes sexan orixinais e realizados en papel ou lenzo, con material e técnica libre.

**2º-** A obra debe presentarse sen sinatura de autor, que limitará a súa identificación a un lema, e acompañala dun sobre pechado cos seguintes datos: nome e apelidos, D.N.I., idade, profesión, enderezo, teléfono e correo electrónico de contacto, e/ou calquera outro dato sobre o propio traballo.

**3º-** O xurado valorará de xeito especial a creatividade do arte final, a relación co evento a través da nosa cultura e idiosincrasia e o impacto visual publicitario dos carteis, nos que deberá figurar o texto **“ARZÚA 35ª FESTA DO QUEIXO, 5,6 e 7 DE MARZO DE 2010”**. Igualmente, os queixos que formen parte da imaxe -no seu caso- deberán respectar a morfoloxía propia do queixo da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa.

**4º-** Os orixinais deberán ser enviados antes do **8 de xaneiro de 2010** ao Concello de Arzúa, *Dpto. de Cultura*, sito na Rúa Santiago, 2 – 15810 Arzúa– A Coruña. A organización solicita aos participantes acompañen cada obra presentada con cadansúa copia en formato dixital -CD- (requisito non indispensable).

**5º-** A **elección dos premiados** realizarase a finais de **xaneiro de 2010**, mediante valoración dun xurado cualificado designado pola Comisión “Festa do Queixo”, cun único voto por persoa, agás para o 4º premio, que será elixido por **votación popular o domingo 10 de xaneiro**, de 12:00 h a 14.00 h na Capela da Madanela.

**6º-** A peza elixida polo xurado como 1º premio será o cartel anunciador da 35ª edición. Todos os carteis serán expostos ao público do 10 ao 31 de xaneiro na Capela de Madanela. O acto de Entrega de Premios incluírase no Programa Oficial da 35ª Festa do Queixo.

**7º-** Os orixinais premiados e os seus dereitos de imaxe pasarán a ser propiedade do Concello de Arzúa. Os orixinais non premiados poderán recollese nas instalacións municipais ata 60 días despois da celebración do evento.

**8º-** A Comisión resérvase o dereito a deixar baleiros os premios, así como a rexeitar para concurso calquera peza que considere ou aquela que non se axuste ás presentes bases. As súas decisións serán inapelables.

**9º- PREMIOS:** o certame outorgará catro premios, repartidos en:

**1º PREMIO.....600 €**

**2º PREMIO.....300 €**

**3º PREMIO.....150 €**

**4º PREMIO.....agasallo especial da organización (votación popular)**